

branco e negro

Número 38 • Xullo 2010



Neste número...

Avaliación xenética
XIV Subhasta Top-Bos
Festa Holstein 2010
Entrevistas
Resultados dos concursos
Libro xenealóxico
A páxina do CXG
Novas...

BOER

ESPM1502468633

BOLIVER x BW MARSHALL EX-91 GMD x
FORMATION EX-90 GMD x CONVERSE EX-91 GMD DOM



BOS BOLIVER BOER ET



XENÉTICA FONTAO



Sylvie Gouin

CHOUSA BOER PAULA BB-83

BOER

- LIÑA XENÉTICA NOVIDOSA E ALTERNATIVA
- ALTAS PRODUCIÓNS DE LEITE (+1.186 Qg.)
- GRAN MELLORADOR DE PROTEÍNA (+38 Qg.)
- MOI BOS UBRES (ICU +2,04)
- EXCELENTES CARACTERES SECUNDARIOS





sumario

Edita

Federación Frisona Galega

R/ Melide, 25-27-baixo
15705 Santiago de Compostela
A Coruña • España
Tel.: +34 981 573 775
Fax: +34 981 573 879
mail: fefriga@fefriga.com
web: www.fefriga.com

Xunta directiva de FeFRiga

Presidente
D. Álvaro José Castro Fernández
Vicepresidente
D. José Manuel Madriñán Castro
Secretario
D. José Carlos Vega Rodríguez
Tesoureiro
D. Antonio Pérez Castro
Interventor
D. Luís Seoane Labandeira
Vogais
D. Manuel Antelo Vilarinho
D. Juan Álvarez Losada
D. Paulino González Fernández

Equipo editorial

Director
Francesc X. Grau
Coordina
Carmen Candal
Colabora
Manuel Cruz
Fotografía
Silvie Gouin
Rubine Red
Africor-Pontevedra
Africor-Lugo
Africor-Coruña

Publicidade

fefriga@fefriga.com
t. 981 062 476
m. 609 702 129

Maqueta

Rubine Red

Impresión

Gráficas Sanpar

Distribución

Impacta

Tirada: 6.000 exemplares

D.L. PO 187-1999



Avaliación xenética

Mellores explotacións de Galicia por ICO	4
Mellores touros do programa de Galicia	5
Compra conxunta de doses seminais	5

Actualidade federativa

XIV Subhasta Top-Bos	6
Festa Holstein 2010	8

Entrevistas

Marcelino Fernández. Casa Pozo, Lugo	10
Xosé e Xosé Alberto Iglesia. Rei de Miñotelo, A Pastoriza (Lugo)	14
Xosé Manuel Blanco. Gandeiría Blanco, Lalín (Pontevedra)	18

Resultados de concursos e poxas

XXIV Concurso de Gando Frisón Moexmu'10	12
III Concurso de Criadores de Frisón Sarria'10	12
XII Concurso Nacional de Primavera Conafe 2010	16
XII Subasta de Xovencas de Santa Comba	17
XVI Concurso Frisón e III Poxa Feiradeza 2010	20

Libro xenealóxico	21
-------------------------	----

A páxina do CXG	22
-----------------------	----

Novas do sector

Especialistas de todo o mundo visitan Bos	24
Catro animais de Bos na Subasta Nacional Conafe'10	25
Presentado o Programa para o Cruce Industrial da Raza Frisona en Fontao	26

Axenda 2010	26
-------------------	----



Mellores explotacións de Galicia por ICO

Avaliación de xullo 2010

A modo de información a todos os socios en xeral e como promoción das propias ganderías, Branco e Negro publica despois de cada avaliación xenética, a relación das mellores explotacións de Galicia por Índices Xenéticos (ICO).

Para ser publicadas, as explotacións deben de reunir as condicións seguintes:

- O rabaño debe ter un mínimo de 17 reproductoras.
- Esixírase un mínimo do 75% de animais valorados (valorados ICO), sobre reproductoras rexistradas de máis de 36 meses, co fin de obter rabaños representativos.
- Non serán consideradas, nin publicadas, as ganderías con máis do 5% de reproductoras no Rexistro Auxiliar Categoría "A", sobre o total do censo de reproductoras.
- Nesta lista os rabaños distínguense polo nº de reproductoras dos mesmos, sendo:

de 17 a 75 reproductoras

de 76 a 200 reproductoras

+ de 200 reproductoras

GANDERIA (PROV.)	ICO	IKL	IKG	%G	IKP	%P	IPP	ICU	IGT	ICOT	RCS
FINCA MOURISCADÉ (PO)	1938	467	10	-0,07	15	0,00	0,36	0,60	0,66	179	98
CASA CANEDA (C)	1867	276	11	0,01	7	-0,02	0,86	0,91	1,16	313	100
S.A.T. CASA MENOR 1017 XUGA (C)	1863	490	12	-0,06	13	-0,02	0,27	0,54	0,56	163	100
UTE DE BOS (C)	1858	269	10	0	8	0,00	0,54	1,02	1,13	306	99
GANADERIA VILAFERREIROS, S.C. (C)	1765	314	7	-0,05	6	-0,04	0,62	0,70	0,83	255	101
QUINTIAN, S.C. (LU)	1760	492	10	-0,08	13	-0,03	0,36	0,22	0,49	95	99
PUMAR DE BUXAN (C)	1748	357	6	-0,07	6	-0,05	0,31	0,63	0,77	198	101
S.A.T. CASA CAETANO XUGA 1299 (LU)	1748	291	7	-0,04	10	0,00	0,56	0,39	0,50	161	100
CASA MEILAN (LU)	1732	190	10	0,04	7	0,01	0,69	0,28	0,45	193	103
JESUS RODRIGUEZ CABANAS (LU)	1728	379	7	-0,07	12	0,00	-0,09	0,08	0,13	41	103
RUZO, S.C. (C)	1715	288	5	-0,05	5	-0,04	0,36	0,43	0,56	166	101
VILAR DE SUSAO (LU)	1714	402	5	-0,1	9	-0,04	0,30	0,30	0,42	112	100
S.C. OUTEIRO (LU)	1707	142	4	0	4	0,00	0,52	0,91	1,04	253	98
S.A.T. XUGA 747 FONTELAS (C)	1705	253	10	0,02	7	-0,01	0,26	0,43	0,53	162	102
CASA GRANDE DE RODIS (C)	1699	251	6	-0,03	10	0,03	0,49	0,23	0,30	117	100
GANADERIA PENA (LU)	1697	323	7	-0,04	6	-0,04	0,22	0,53	0,89	154	100
XENDRE, S.C. (C)	1697	206	3	-0,05	6	0,00	0,53	0,52	0,66	208	101
RIVELA, S.. (LU)	1694	403	9	-0,05	11	-0,02	0,28	-0,07	0,10	57	104
LOPEZ TELLADO, G. MASEDA, S.C. (LU)	1691	299	6	-0,04	8	-0,01	0,41	0,37	0,44	126	98
CASA REGO (LU)	1691	556	14	-0,07	11	-0,06	0,02	-0,26	-0,14	-43	103
VILLAESTEBA AGROP., S.C. (LU)	1686	547	13	-0,07	13	-0,04	0,31	-0,37	-0,02	-60	97
S.A.T. TEIXEIRO (LU)	1682	174	4	-0,02	4	-0,02	0,37	0,65	0,80	215	101
S.A.T. VILAR-ALAXE (LU)	1676	206	5	-0,02	5	-0,02	0,27	0,66	0,79	196	100
GRANXA VILA (LU)	1674	192	1	-0,05	6	0,00	0,21	0,74	0,86	232	102
S.A.T. 828 ILMA-XUGA (C)	1670	275	5	-0,05	12	0,03	0,05	0,27	-0,07	61	100
NOVO (LU)	1669	154	3	-0,02	6	0,01	0,40	0,61	0,75	192	99
GANAD. FERNANDEZ SANCHEZ, S.C. (C)	1667	145	11	0,07	6	0,02	0,53	0,42	0,61	196	103
RANCHO (C)	1659	263	8	-0,02	10	0,02	0,20	0,19	0,35	94	101
CASA CHICHO (LU)	1658	224	10	0,02	14	0,08	0,14	-0,11	0,06	13	100
BLANCA (PO)	1650	163	3	-0,01	1	-0,04	0,73	0,68	0,71	267	101
ROSENDE DE SAMEDE (C)	1647	110	2	-0,02	6	0,02	0,56	0,63	0,73	232	100
CASA DE QUEIZAN (LU)	1647	337	9	-0,03	10	-0,01	0,20	0,02	0,12	40	100
MARCIAL, S.C. (PO)	1646	172	9	0,03	5	0,00	0,45	0,44	0,60	168	99
FREIRE PEREZ, S.C. (C)	1645	328	6	-0,07	8	-0,03	0,31	0,21	0,42	95	100
MATO DA RIBA, S.C. (C)	1643	228	6	-0,02	7	-0,01	0,45	0,21	0,27	120	100
CAVADAS S.A.T. XUGA 941 (LU)	1643	238	4	-0,05	5	-0,02	0,20	0,51	0,56	137	98
CASA DE BAIXO (LU)	1640	26	7	0,07	2	0,02	0,76	0,59	0,75	267	103
RIOS (PO)	1636	61	8	0,06	0	-0,02	0,61	0,77	0,90	288	104
S.A.T. CASA EDUARDO (LU)	1634	294	9	-0,01	12	0,03	0,24	-0,08	0,14	16	99
SAR, SAT 1388 XUGA (C)	1627	189	-1	-0,08	4	-0,02	0,36	0,50	0,43	176	99
GANADERIA BASADRE (LU)	1625	132	8	0,04	8	0,05	0,29	0,34	0,32	136	100
S.A.T. LANGUEIRON XUGA 934 (C)	1625	193	7	0	9	0,03	0,23	0,23	0,23	107	101
LAR DE GRACOZA, S.C. (LU)	1624	117	3	-0,01	6	0,03	0,57	0,44	0,67	181	99
S.A.T. SANDAMIL (LU)	1624	154	5	-0,01	5	0,00	0,48	0,42	0,60	172	99



Cun ICO de 3.271,
Mario Xacobeo
segue a ser o Nº 1

Mellores touros do programa

NOME	ICO	IKL	%G	IKG	%P	IKP	IPP	ICU	IGT	RCS
MARIO XACOBEO ET TV TL	3271	1152	-0,14	27	-0,04	33	1,77	2,68	2,78	100
BOS AGRORTEGAL VIDUEIRO TA. ET	2483	657	0,02	26	0,11	32	0,47	0,84	0,97	108
TRANQUIL-O	2478	696	0,01	26	0,12	34	-0,15	1,12	0,21	98
SEELBY CONVINCER BOTAFOTO ET	2405	702	-0,15	11	0,02	24	1,33	1,58	1,12	96
BOS CID ALLEN MACIÑEIRO ET TV TL	2377	574	-0,21	1	0,10	28	1,33	1,23	2,06	93
ALH ELEGANT TV TL	2334	509	0,00	18	0,08	24	2,04	0,45	0,84	91
BOS MORTY MONROI ET TR TV TL	2326	853	-0,24	7	-0,07	20	0,28	1,77	1,11	101
BOS TITANIC TORRES ET	2300	755	-0,02	25	0,04	28	1,08	0,55	0,95	89
H-STIENS FAST MORTY MOES	2283	1112	-0,39	0	-0,11	24	0,62	1,30	1,94	95
A.L.H. DANCER ET TV TL	2276	274	-0,29	-17	-0,12	-2	1,46	2,91	2,21	113
LUPINO TV TL	2267	1240	-0,12	32	-0,07	32	0,59	-0,41	0,22	88
TITEUF TENORIO TV TL	2267	754	0,06	33	0,09	33	0,30	-0,47	-0,32	108
BOS O-MANFRED MARCADOR ET TR TV TL	2243	554	0,06	26	0,07	24	-0,44	0,87	0,58	107
BOS BW MARSHALL ROSS ET TV TL	2203	465	0,17	33	-0,13	2	1,20	1,55	1,21	118
CANEDA PANCHO FREELANCE ET	2198	853	0,12	43	-0,08	19	1,18	-0,05	1,43	107
BOS SEIJO TALENT MAGREBI ET TR TV TL	2192	368	-0,02	11	-0,10	2	1,82	1,57	2,04	108
BOS STORMATIC SIROPE ET	2159	867	-0,30	2	-0,22	6	1,21	0,47	1,16	111
MESLAND ALH BUILDER ET TV TL	2149	428	-0,04	12	-0,02	12	0,97	1,41	1,75	99
BOS TITANIC MARGOT	2113	576	0,03	24	-0,07	12	0,91	0,97	1,05	106

Compra conxunta de doses seminais

Despois da avaliación das ofertas presentadas polas diferentes casas comerciais, e tendo en conta as necesidades da Cabana Frisona Galega, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os touros que, en base ás mesmas, considerou máis axeitados para acadar os obxetivos de Mellora perseguidos.

Xunto coas doses mercadas de touros probados, entregaranse doses dos case 70 touros que este ano se porán en proba

O número de doses de touros en proba é de 62.645

TOUROS PROBADOS	
DANCER	24.889
XACOBEO	35.679
CHAMOSO	2.953
LANDOI	3.436
SACHO	1.959
SIX	1.169
TENORIO	904
CID	20.268
ELEGANT	10.886
JAVITO	11.154
LUCUS	13.185
MAGREBI	10.688
ROSS	3.258
TRANQUIL	424
LUPINO	3.591
STIO	2.819
	147.262

TOUROS ESTRANXEIROS	
ALEXANDER	1.728
BAXTER	1.635
BOLTON	6.313
BUCKEYE	4.337
GERARD	3.929
LECCISO	1.555
MILLION	2.245
SANCHEZ	2.790
TOYSTORY	5.848
	30.380
Nº Solicitudes	4.036

XIV Subhasta Top-Bos

O 1 de maio a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (Guisamo - Bergondo) acolleu a XIV edición da Subhasta Top-Bos. Organizada pola **Federación Frisona Galega**, en colaboración coa **Consellería de Medio Rural** e o **Concello de Bergondo**, e co apoio da **Fundación Semana Verde de Galicia** e **Viveros San Mamed** nesta ocasión saíron á venda un total de 20 animais, 9 xovencas e 11 vacas. Pra mercaas achegáronse ata Guisamo gandeiros de toda Galicia, doutras comunidades e mesmo dos países máis punteiros, coma Holanda: unha delegación da asociación de gandeiros Eurogenes, da que é socia en España a U.T.E. de Bos, asistiu para apoiar a poxa e coñecer máis de preto o Programa de Mellora Xenética que desde hai dúas décadas Consellería e FEFRIGA desenvolven na Finca de Bos.

O primeiro animal en animar a poxa foi Bos Lucky Star Mina, unha vaca recién parida calificada 83 puntos no seu primeiro parto, filla dunha vaca canadense campiona de produción no seu país en 2008. Chegou ós 4.200 euros e foi pra dúas ganderías da Coruña, Candendo e Dubra, que a compraron conxuntamente. Estes gandeiros leváronse un total de tres animais: fixéronse tamén con Bos Six Jaber, unha filla do semental galego Six que a acadou a terceira cotización máis alta da poxa, 4.400 euros, e coa xovenca máis nova da subasta, Bos Howie Marga, de tan só 14 meses.

Destacaron tamén na poxa Bos Dolman Gyovanna, calificada BB84 no seu primeiro parto, da cotizada familia das Gypsy Grand. Chegou ós 4.200 euros e foise pra a SAT A Campa, de Curtis. Bos Champion Elegante, con dous fillos nos centros de sementais de Aberekin e Xenética Fontao, foi adquirida pola gandería Casa Nova de Mesía e chegou aos 4.300 euros.

Os dous animais máis cotizados da poxa marcharon pra fóra de Galicia: unha delas foi Bos Dolman Aqua, unha xovenca de 21 meses da cotizada familia canadense das Gypsy Grand. Foi adquirida pola gandería Jimenez de la Rosa, de Utrera, en Sevilla, por 5.100 euros. A gran protagonista foi Bos Bolton Trudy, unha vaca de dous anos da familia das Terry Tory, unha das máis cotizadas dos Estados Unidos. Chegou ós 5.200 euros e foi adquirida por AFRICAMA, a Asociación Frisoa de Castela-A Mancha, que a destinará á produción de embrións para o seu programa de mellora xenética e que a día de hoxe xa está calificada MB.

Malia á crise tódolos lotes foron vendidos por un valor conxunto de 74.200 euros. Acadouse unha cotización media de 3.700 euros por animal, 500 euros máis que na edición pasada. Un ano máis a XIV Poxa Top-Bos serviu para poñer de manifesto o alto nivel acadado pola mellora xenética en Galicia, á par dos países máis punteiros de Europa.

Animal	Prezo	Comprador	Localidade	Provincia
BOS BAXTER MAGNOLIA	2.500 €	XERCAS - PORTALOUSA	XERMADE	LUGO
BOS LUCKY STAR MINA ET	4.200 €	DUBRA & CANDENDO	TRAZO/TORDOIA	A CORUÑA
BOS HOWIE MARGA	2.300 €	DUBRA & CANDENDO	TRAZO/TORDOIA	A CORUÑA
BOS JET STREAM MISSY ET	4.000 €	GANDERÍA OS AMERICANOS	VILA DE CRUCES	PONTEVEDRA
BOS CALYPSO FRIOLERA	3.100 €	GAND. A VALGA	MESIA	A CORUÑA
BOS TOYSTORY AUSTRALIA	2.700 €	CASTRO NOYA	TRAZO	A CORUÑA
BOS CHAMPION ELEGANTE ET	4.300 €	CASA NOVA	MESIA	A CORUÑA
BOS BOLIVIA AFRODITA	3.400 €	XOIOS	LARACHA	A CORUÑA
BOS DOLMAN RENITA ET	3.300 €	SERRA	SARRIA	LUGO
BOS BOLTON TRUDY ET	5.200 €	I.E.S. SAN ISIDRO	TALAVERA DE LA REINA	TOLEDO
BOS BAXTER BOHEMIA	3.500 €	JIMENEZ DE LA ROSA	UTRERA	SEVILLA
BOS SIX JABER ET	4.400 €	DUBRA & CANDENDO	TRAZO/TORDOIA	A CORUÑA
BOS JEFFERSON LILAC ET	3.500 €	SERRA	SARRIA	LUGO
BOS BUCKEYE RACHEL	3.700 €	CAMINO DEL CASTILLO	FTES. DE ANDALUCIA	SEVILLA
BOS STORMATIC ROSI ET	3.600 €	CASA PERNAS	XERMADE	LUGO
BOS RAMPADGE ANCORA ROJA	4.000 €	QUINTIAN	O PARAMO	LUGO
BOS DOLMAN GYOVANNA	4.200 €	A CAMPA	CURTIS	A CORUÑA
BOS MAC BRIDA ET	3.500 €	GANDERÍA OS AMERICANOS	VILA DE CRUCES	PONTEVEDRA
BOS TERRASON RUTH ET	3.700 €	PETEIRA	CASTRO DE REI	LUGO
BOS DOLMAN AQUA ET	5.100 €	JIMENEZ DE LA ROSA	UTRERA	SEVILLA

TOTAL: 74.200 € | MEDIA: 3.710 €

a subhasta en imaxes





Festa Holstein 2010

Como colofón da XIV Subhasta Top-Bos celebrouse a edición 2010 da Festa Holstein. Foi cun xantar no restaurante As Rodas, de Sada, ao que estiveron convidados as autoridades e os gandeiros que asistiron á Poxa. Tras o xantar tivo lugar o acto no que a Federación Frisona Galega fixo entrega das mencións honoríficas ás mellores explotacións de Galicia en 2009 por produción, cualificación morfolóxica e índices xenéticos.

Insignia de Ouro de Fefriga para D. Antonio Oca

O convidado de honra desta Festa Holstein foi Antonio Oca, ao que se lle fixo entrega da insignia de ouro da Federación. Recentemente xubilado, Antonio Oca estivo vinculado ó sector leiteiro durante toda a súa carreira na Administración. Na lexislatura pasada ocupou a Dirección xeral de Producción Agropecuaria, desde donde impulsou a remodelación e posta en marcha das novas instalacións da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos. No seu discurso Antonio Oca quixo facer partícipes desta insignia a todo o equipo que o acompañou durante a súa estada na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e malia a crise actual, defendeu a vocación leiteira da nosa terra e a profesionalidade dos criadores de frisón como a mellor garantía para o seu futuro.





Marcelino Fernández

Gandería Casa Pozo (Lugo)

Propietario de **Pozo Allen 5275 Mimosa**

Vaca Intermedia Campiona de España e Gran Campiona de Moexmu 2010

por Manuel Cruz

A gandería Casa Pozo está situada no lugar de Galegos, a só cinco minutos da cidade de Lugo. Esta explotación familiar, que levan entre Marcelino Fernández e a súa muller Elena, aos que se lles incorporou hai pouco o seu fillo Xosé Antonio, comezou a súa andaina en 1982, aínda que foi a primeiros dos 90 cando decidiron especializarse na produción de leite e na cría de raza frisona. Na actualidade contan cun rabaño de 80 animais, dos que 36 son vacas en muxidura.





De todas as súas vacas a gran estrela nestes momentos é Pozo Allen 5275 Mimosa, que en marzo se proclamou vaca intermedia campiona e subcampiona absoluta no Concurso Nacional de Primavera de CONAFE, en Torrelavega:

Mimosa naceu na propia explotación, é unha filla de Allen e a súa nai era unha Rudolph. Era unha vaca máis da corte ata que empezou a destacar no seu segundo parto, cando sacou o ubre que ten na actualidade e mellorou en tódalas súas partes. O seu primeiro concurso foi o de Chantada en 2009, donde xa quedou Gran Campiona. Xa este ano en Gandagro quedou Gran Campiona Reserva no Concurso Autonómico, e despois Campiona Nacional de vacas intermedias en Torrelavega e Gran Campiona no concurso da MOEXMU, en Muimenta. Ademais a súa descendencia segue os pasos da nai: a súa primeira filla xa foi a varios concursos e ten unha neta que tamén apunta para "concurseira".

Pozo Allen 5275 Mimosa é unha das afortunadas habitantes da "suite das estrelas", un establo de luxo feito en madeira donde Marcelino lle da as súas campionas toda a comodidade que precisan, con camas de area e palla e unha alimentación individualizada. É unha mostra máis da paixón que Marcelino sente polos concursos:

Para min os concursos son unha paixón que sempre tiven. Empecéi en 2002 en Chantada con Pozo Lee, que gañou o Gran Campionato de Xovencas e desde aquela leva máis de 14 títulos e aínda segue a concursar. Cos concursos faste coñecido e tes máis posibilidades prar vender o teu gando, pero ademais

gústanme polo ambiente que teñen e a amizade que fas con outros gandeiros. No noso caso, pro exemplo, hai tempo que fixemos equipo coa gandería Capón de Chantada, e axudámonos á hora de ir aos concursos.

Casa Pozo acadou en 2009 unha cualificación morfolóxica de 84'5 puntos, a cuarta máis alta de Galicia. Cun rabaño de 43 vacas adultas, 12 delas están calificadas MB ou EX, o que da idea do tipo de animais que buscan:

A recría ten moita importancia na nosa explotación. Da súa boa planificación saíran as mellores vacas, pero despois ten que ir acompañada dun bo manexo para que eses animais amosen todo o seu potencial de adultas. Nós buscamos sobre todo vacas cunha boa conformación corporal, na selección que facemos prima máis a morfoloxía que os datos de produción de leite. A pesar da crise do sector, eu o futuro vexoo para adiante, porquehai que ser positivos, e máis desde a incorporación do noso fillo á explotación familiar.

Ata o momento do seguinte concurso, Marcelino seguirá mimando ás súas campionas na "suite das estrelas", un autentico hotel para vacas, onde disfrutan de todas as atencións que se merecen

XXIV Concurso de Gando Frisón

Moexmu' 10

Muimenta, Cospeito (Lugo)

10 de Abril de 2010

Xuíz: **D. José Manuel Paz Conde** (Xuíz Nacional de Conafe)

Ganderías participantes: 28

Animais participantes: 98

Xatas ata 8 meses

1ª **Cancela Goldwyn Kira** (Cancela – Sarria)

Xata Subcampiona

Xatas de 8 a 10 meses

1ª **Calobro Xacobeo Valdeteja GZ** (Calobro - Trabada)

XATA CAMPIONA

Xatas de 11 a 13 meses

1ª Capon-Holstein September Carlo (Capón - Chantada)

Xatas de 14 a 16 meses

1ª Sandamil M.S. Megamagic Melani (Sandamil - Castro de Rei)

Xovencas de 17 a 19 meses

1ª Rey 470 Blanquita Dolman (Rei de Miñotelo – A Pastoriza)

Xovencas de 20 a 22 meses

1ª **Novelle September Nepal** (Novelle - Paradela)

Xovenca Subcampiona

Xovencas de 23 a 26 meses

1ª **Capon-Holstein Goldwyn Carol** (Capon - Chantada)

XOVENCA CAMPIONA e GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS

Vacas en Lactación ata 26 meses

1ª **Lar de Gracoza Final Cut Penel** (Lar de Gracoza - Cospeito)

VACA NOVA CAMPIONA

2ª **Vieites Conchita Igniter** (Pozo - Lugo)

Vaca Nova Subcampiona

Vacas en Lactación de 27 a 30 meses

1ª Sandamil M.S. Decker Melany (Sandamil - Castro de Rei)

Vacas en lactación de 31 a 35 meses

1ª Rey 434 Natacha Goldwyn (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vacas en lactación de 36 a 41 meses

1ª Xercas Codina Duplex (Pernas - Xermade)

III Concurso de Criadores de Frisón Sarria' 10

Sarria (Lugo)

8 e 9 de Maio de 2010

Xuíz: **D. Conrado González Antón**

(Xuíz Nacional de Conafe)

Ganderías participantes: 15

Animais participantes: 44

Xatas ata 8 meses

1ª **Cancela Goldwyn Kira** (Cancela – Sarria)

Xata Subcampiona

Xatas de 8 a 10 meses

1ª **Calobro Xacobeo Valdeteja GZ** (Calobro - Trabada)

XATA CAMPIONA

GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS

Xatas de 11 a 13 meses

1ª Pozosaa Rubens Pili (Pozo - Lugo)

Xatas de 14 a 16 meses

1ª Pozosaa Jasper 9888 Erma (Pozo - Lugo)

Vacas en lactación de 42 a 47 meses

1ª) **Cid Stormatic Dramatica** (Cid – Barreiros)

Vacas en lactación de 4 anos

1ª) **Pozo Allen 5275 Mimosa** (Pozo - Lugo)

VACA INTERMEDIA CAMPIONA e VACA GRAN CAMPIONA

2ª) **Cando Fania September** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vaca Intermedia Subcampiona

Vacas en lactación de 5 anos

1ª) **Cid Roy Muesle** (Cid - Barreiros)

VACA ADULTA CAMPIONA

Vacas en lactación de 6 anos ou máis

1ª) **Capon Caixa Lee** (Capón – Chantada)

Vaca Adulta Subcampiona

Mellor Criador

1º) **CID** - Barreiros

2º) **POZO** - Lugo

Mellor Rabaño

1º) **REI DE MIÑOTELO** – A Pastoriza

2º) **POZO** – Lugo

Datos e fotos facilitados por Africor-Lugo



Xovencas de 17 a 19 meses

1ª) **Rey 471 Galleta Dolman** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

XOVENCA CAMPIONA

Xovencas de 20 a 22 meses

1ª) **Rego Airraid Claudina 2485** (Rego - Láncara)

Xovencas de 23 a 26 meses

1ª) **Novelle September Nepal** (Novelle - Paradela)

Xovenca Subcampiona

Mellor Criador

1º) **REI DE MIÑOTELO** - A Pastoriza

2º) **NOVELLE** - Paradela

Datos e fotos facilitados por Africor-Lugo



Xosé e Xosé Alberto Iglesia

Rei de Miñotelo, A Pastoriza (Lugo)

Propietarios de **Cando Fania Setember**

Vaca Gran Campiona de Galicia

por Manuel Cruz

Localizada no lugar de Miñotelo, no concello lugués da Pastoriza, a Sociedade Agraria de Transformación Rei de Miñotelo, é o fogar de Cando Fania September, a actual vaca Gran Campioa de Galicia. Esta explotación familiar que levan entre Xosé Iglesia e a súa muller Elvira Vila Veiga, xunto co fillo de ambos Xosé Alberto, conta na actualidade cun total de 140 animais, dos que 75 son vacas en produción e o resto é recría.





Fan toda a recría na casa, aínda que, cousas da vida, a Gran Campiona veu de fora:

X.A. Cando Fania Setember é unha vaca que compramos dunha explotación de aquí, Cando e Santos, cando se desfizeran das vacas. Estaba preñada de setemese para facer o primeiro parto e non foi comprada para o tema de concursos nin nada. Foi no segundo parto cando comezou a destacar: en abril de 2009 levámola a Muimenta, donde quedou vaca intermedia campiona, despois en junio de 2009 quedou subcampiona no concurso Autonómico e este ano, no primeiro concurso que fixo tras o terceiro parto quedou a Gran Campiona de Galicia e mención de honra do Open Internacional Gandago.

Con 18 anos, Xosé Alberto Iglesia leva desde moi pequeno acompañando ao seu pai aos concursos. Está estudando o ciclo medio de Explotacións Agrarias Extensivas en Castro Ribeiras de Lea, e ten claro que a súa vocación é son as vacas:

X.A. A min xa desde pequeno me gustaba axudar na granxa, e sempre me gustou o tema dos concursos, as vacas preparadas, porque é donde realmente ves as vacas boas. Podes comparar os teus animais cos dos demais e é donde realmente te das conta de se estás facendo as cousas ben ou non cos animais que tes na explotación.

Esta afición polos concursos herdouna do seu pai, Xosé Iglesias, que comezou a levar as súas vacas a MOEXMU, o Concurso de Muimenta, alá por 1990:

X.I. Eu empecei nos concursos aló por 1990 indo a Muimenta con outro grupo de amigos de aquí. Levábamos unha cantas xatas e botabamos os 2 ou 3 días do concurso. Seguimos acudindo aos concursos sobre todo porque nos gusta este mundo. Penso que polo premios non vai ninguén, porque case non compensan o traballo e o gasto que dan, sobre todo o traballo.

Os bos resultados que veñen obtendo nos concursos son froito do traballo que levan facendo desde hai anos na mellora xenética do seu rabaño. Fan toda a recría na casa, para que empregan fundamentalmente touros canadenses. Ademais da nave principal contan con outra leira de 8 hectáreas a herba, onde manteñen en pastoreo as xovenas ata o momento do parto:

X.I. Esta explotación foi pasada dos meus pais a min, cando o meu pai se xubilou. Daquela xa estabamos muxindo unhas 60 vacas, e faciamos a recría nos prados. Xa había unha boa xenética, e seguimos utilizando os touros máis axeitados para continuar mellorando, buscando animais máis duradeiros e cunha boa morfoloxía.

Esta mellora nótase nos resultados da SAT Rei de Miñotelo: na actualidade conta cunha cualificación morfolóxica de 82 con 3 puntos, o que a sitúa entre as vinte mellores de Galicia, e o ano pasado conseguiron unha media de produción de 11.882 quilos de leite por vaca e ano, cuns índices de 4.50 de graxa e 3.30 de proteína. Uns resultados que os animan a seguir malia a crise que atravesamos o sector:

X.I. Paréceme que para os que imos aguantando, o futuro do sector pode non ser tan malo como se pinta, pero o problema vai ser seguir aguantando, porque cos prezos que ten hoxe o leite e o prezo que teñen as materias primas que temos que comprar, a verdade é que non é fácil resisitir.

Para este futuro xa teñen relevo a Cando Fania Setember. Rei Natacha Goldwyn, unha vaca de primeiro parto, foi elixida tamén este ano Vaca Xoven Campiona de Galicia e terceira mellor vaca absoluta do concurso:

X.A. É unha filla de Goldwyn, a súa nai é unha Inquirer e a avoa é unha Storm. De novilla non destacaba moito, pero no seu primeiro parto empezou a facer moi boa ubre. No primeiro concurso ao que foi, o de Chantada de 2009 xa quedou vaca nova subcampiona e despois no Concurso Autonómico foi vaca nova campiona.

Ademais destas dúas campiónas de Galicia na actualidade, na SAT Rei de Miñotelo contan cun grupo de xovenas e vacas da alta calidade, coas que se convertiron nestes anos nunha das ganderías máis habituais nos concursos de Galicia e España. Durante 2010 esta gandería da Pastoriza será o fogar de "Milenia", o trofeo que acredita ós criadores das Grandes Campionas galegas. A xuventude e a vocación de Xosé Alberto permítenos augurar que probablemente esta non sexa a única vez que "Milenia" visite estas terras da Pastoriza.

XII Concurso Nacional de Primavera Conafe 2010

Torrelavega, Cantabria, 27-28 de Marzo

Juez: **D. Guisepppe Quaini** (Juez Internacional de la Asociación Frisona de Italia)

O mercado nacional de gando "Jesús Collado Soto" de Torrelavega (Cantabria) acolleu un ano máis o Concurso Nacional de Primavera da Confederación Nacional de Frisona Española. A décimo segunda edición deste certame celebrouse do 25 ao 28 de marzo, e nel participaron un total de 199 animais de 81 ganderías de 8 comunidades. De Galicia achegáronse ata Cantabria tres ganderías, Casa Pozo de Lugo, Rei de Miñotelo da Pastoriza e Capón de Chantada, que presentaron 7 animais. Unha participación pequena, pero con animais de calidade que deron moito que falar.

Nas seccións de xatas e xovenas o maior éxito foi para Capón Goldwyn Carol, da Gandería Capón. Foi escollida polo xuíz Guisepppe Quaini, da Asociación Frisona Italiana, como a segunda mellor xovenca de España na sección de 20 a 22 meses. Pozosaa Goldwyn 6821 Rula, unha xata de 10 meses da gandería Casa Pozo de Lugo acabou quinta da súa sección.

O maior éxito foi o conseguido pola vaca de catro anos Pozo Allen Mimosa, da gandería Casa Pozo de Lugo. Foi proclamada a campiona de España na categoría de vacas intermedias e a subcampiona absoluta do concurso, só superada por Venturo Morty Letizia, unha vaca asturiana de 6 anos da Gandería Casa Venturo, de Salas.

Sección 1 - Terneras de 8 a 10 meses

5ª) Pozosaa Goldwyn 6821 Rula Casa Pozo

Sección 5 - Novillas de 20 a 22 meses

2ª) Capon-Holstein Goldwyn Carol Casa Capón

Sección 11 - Vaca Joven en Lactación de 31 a 35 meses

5ª) Rey 434 Natacha Goldwyn Rei de Miñotelo

Sección 14 - Vaca Intermedia en Lactación de 4 años

1ª) Pozo Allen 5275 Mimosa Casa Pozo

Vaca intermedia Campeona

Vaca Subcampeona Nacional

GANADERÍAS PARTICIPANTES

Casa Pozo - Lugo

Casa Capon - Chantada (Lugo)

Rei de Miñotelo - A Pastoriza (Lugo)



Fotografía: Frisona Española

XII Subasta de Xovencas de Santa Comba

Organizado por: Africor-Coruña e Concello Santa Comba
Animais presentados: 22 ; animais vendidos: 21

FEMIA SUBASTADA	VENDEDOR	COMPRADOR	PREZO
CESARES CATASOL LOURO	CESARES HOLSTEIN	EDELMIRO ALVITE	2.000
ARO 30 CHAMOSO 128	COOP. DE ARO	Mª ROSA ANTELO FDEZ.	1.900
128 SEPTEMBER	SAT XOIOS	RODRÍGUEZ DEUS	2.000
SARA BUCKEYE	SONEIRA LEMA	CASTRO CASTINEIRA	2.100
95	SAT POSE E GARCIA	CASTRO CASTINEIRA	1.950
BLANCANIEVES TOYSTORY	CASA CARMELA	JOSÉ LUIS CAO LISTE	2.550
SF 314 4327 ALMERIA	SAT FONTECOBA	Mª COSTOYA CARDELLE	2.050
SARTES CEBRA ELEGANT	MIGUEL BENDAÑA BELLO	JOSEFINA CAAMAÑO	1.750
ARO 33 CHAMOSO 123	COOP. DE ARO	EDELMIRO ALVITE	1.700
XOLLOS VICENTA MARION	SAT XOIOS	J. MANUEL RAMOS TEJO	2.150
DUPA ELEGANT NANCI SISA	CARMEN DUBRA Y OTRO	RODRIGUEZ PAREDES	2.400
90 BUCKEYE	SAT POSE E GARCIA	CASTRO NOYA	2.400
NUVEIRA BERMELLA CHAMOSO	NUVEIRA	JORGE MÍGUEZ PRADO	2.150
MAROÑAS 275 JEFFERSON	GANADERIA MAROÑAS	Mª COSTOYA CARDELLE	2.000
88 BUCKEYE	SAT POSE E GARCIA	JORGE MÍGUEZ PRADO	2.200
XOLLOS LEYMA ELEGANT	SAT XOIOS	COUQUIÑO	2.400
ARO 49 BUCKEYE 119	COOP. DE ARO	Mª ROSA ANTELO FDEZ.	1.800
SF 306 9720 BUCKEYE	SAT FONTECOBA	GANADERÍA O COTO	2.100
FONTE CAN 9001 TOYSTORY	JAVIER CARREIRA OROÑA	REY MARTINEZ	2.100
A. CAMINO PICHONA SISCO	AGRICOLA DEL CAMINO	JOSÉ LUIS CAO LISTE	2.200
AMPU MARION 284	ANTONIO PUMAR GARCIA	ANTONIO BERBIA LEMA	2.100
TOTAL VENDAS			44.000
PREZO MEDIO VENDA			2.095

Datos e fotos facilitados por Africor-Coruña



Xosé Manuel Blanco

SAT Gandeiría Blanco, Lalín (Pontevedra)

Evaristo, M^a Socorro e Xosé Manuel Blanco e Begoña Canda

Propietarios de **Pebi Venel**

Vaca Gran Campiona do Open Internacional Gandagro e de Feiradeza 2010

Manuel Cruz

Localizada na parroquia lalinense de Pardesoa, a gandería Blanco é hoxe en día unha das maiores explotacións de leite da provincia de Pontevedra. Conta cun rabaño de 400 cabezas, das que 185 son vacas en produción e o resto é recría. Pero máis que polo seu tamaño, Blanco é coñecida pola calidade dos seus animais: cunha media de cualificación morfolóxica de 83 puntos e uns índices xenéticos de 1600 puntos ICO, conta cun dos rabaños máis selectos da nosa comunidade.





A última estrela desta explotación é Pebi Venel, unha vaca francesa de cinco anos que despois de triunfar en tódolos concursos ós que se presentou no país veciño, foi adquirida no verán de 2008 por Xosé Manuel Blanco:

Pebi Venel ten a súa orixe en Francia, iniciou alá os seus concursos na Bretaña, en París... Sempre foi gañadora, nunca quedou segunda de sección nos concursos aos que se presentou. Hai dous anos adquirímola e trouxemola á explotación, co obxectivo de sacarlle embrións pra mellorar a nosa xenética, e tamén polo tema dos concursos, para promocionar a nosa gandería. Xa lle levamos feitas varias colleitas de embrións, e xa ten fillas nadas aquí. Temos tamén embrións conxelados e outros colocados en granxas de Galicia e de España. Pebi Venel ten unha familia por atrás moi importante, e ademais de ser unha vaca que luce moi ben nos concursos é unha moi boa vaca de establo.

O pasado mes de marzo Pebi Venel foi proclamada a Gran Campioa do Open Internacional Gandagro de Silleda, en competencia directa con algunhas das mellores vacas leiteiras de toda España. Máis recentemente, en xuño, foi tamén a Gran Campioa do Concurso Feiradeza de Lalín. Non é a única campioa da Gandería Blanco, que nestas dúas últimas décadas leva colleitado numerosos galardóns cos seus animais nos concursos de toda Galicia, resultado da súa preocupación pola recría:

Este oficio tes que vivilo, e ao gustarache procuras ter cada día mellores vacas. Pero sobre todo coidar a recría axúdanos a reducir costes de produción. Nestes tempos nos que o marxénes se reducen e o tema do leite está como está, hai que reducir costes, e para ter unha produción de dous millóns de quilos ao ano, mellor facela con 150 vacas que con 200. Son menos

